



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



SERVICIO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Nº 117 / 2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excm. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA PARA FINANCIAR A ESTANCIA DE 130 PERSOAS NO CENTRO CALVO SOTELO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 14º CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SUB-17 MASCULINO E FEMININO

Na Coruña, a 15 de xullo de 2016 na sede da Deputación provincial da Coruña

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Xesús Manuel Soto Vivero**, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña, con sede en Avenida Alférez Provisional, número 2, 15.006 A Coruña, e CIF P1500000C, en virtude da resolución da presidencia número 15671 de 27 de xullo de 2015 modificada pola número 16642 de 30 de xullo de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

E, pola outra, **D. José Óscar Fernández Serantes**, presidente da Federación Galega de Halterofilia

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense mutua capacidade para obrigarse e

EXPOÑEN

I. Que a Deputación provincial da Coruña e a Federación Galega de Halterofilia consideran de mutuo acordo e de gran interese conxunto promover a difusión e coñecemento deste deporte así como participar no 14º Campionato de España de Sub-17 masculino e feminino que é ademais clasificatoria para o Campionato de Europa desta categoría.

II. Que a Deputación provincial da Coruña e a Federación Galega de Halterofilia consideran de mutuo acordo e de gran interese conxunto a estancia na Coruña dun grupo de 130 mozos deportistas durante o período comprendido entre o 15 e o 17 de xullo de 2016 para participar no 14º Campionato de España de Sub-17 masculino e feminino.

III. Que a Deputación provincial da Coruña e a Federación Galega de Halterofilia están interesadas en facer uso das instalacións que a Deputación provincial da Coruña posúe no Centro Calvo Sotelo, tanto para o aloxamento e manutención dos participantes no centro residencial.

IV. Durante os días 15, 16 e 17 de xullo de 2016, a Deputación provincial da Coruña e a Federación Galega de Halterofilia acollerán un grupo de mozos

deportistas que se concentrarán coa finalidade de participar no 14º Campionato de España de Sub-17 masculino e feminino.

V. Que a Deputación considera de interese provincial a realización destas actividades que axudan a diversificar a proposta de actividades que se ofertan aos mozos da nosa comunidade.

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Federación Galega de Halterofilia para a utilización das instalacións do Centro Calvo Sotelo da Coruña por parte dun grupo de 130 persoas coa finalidade de participar no 14º Campionato de España de Sub-17 masculino e feminino, os días 15, 16 e 17 de xullo de 2016.

Segunda.- Actuacións de colaboración.

1. A Excm. Deputación da Coruña facilitará aloxamento e manutención gratuítos nas instalacións do Centro Calvo Sotelo a un grupo de 130 persoas desde o día 15 de xullo ao 17 de xullo de 2016.

2. A Deputación colaborará coa Federación Galega de Halterofilia para que os mozos poidan acceder á práctica e difusión do deporte desde un punto de vista recreativo, formativo e de competición.

3. Para a realización deste tipo de actividades a forma normal de colaboración con entidades é a cesión de instalacións da Deputación e debe ser como regra xeral conforme os principios de publicidade e concorrencia, tendo en conta criterios obxectivos de selección. En consecuencia corresponde á Presidencia apreciar a excepcionalidade.

Terceira.- Achegas

3.1.- ACHEGA DA FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA

A Deputación provincial da Coruña aloxará no Centro Calvo Sotelo un grupo de 130 persoas, desde o día 15 ao 17 de xullo de 2016.

A Federación Galega de Halterofilia seleccionará aos participantes, e encargarse da organización de actividades do campionato.

3.2.- ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Que a Deputación achega:

- as instalacións do Centro Calvo Sotelo
- os servizos de manutención
- o servizo de aloxamento

A Deputación achegará en especie o aloxamento e manutención das citadas persoas que segundo a valoración do administrador da residencia ascende a 3.250 euros o aloxamento e a 3.640 euros a manutención, tomando como base o aloxamento de 130 persoas durante 2 noites, unha cea, dous almorzos e unha comida (ver táboa anexa)

3.3.- A Federación Galega de Halterofilia fará constar nas actividades a colaboración da Deputación.

Cuarta.- Vixencia e modificación.

O presente convenio estenderá a súa vixencia os días 15, 16 e 17 de xullo de 2016

Quinta.- Resolución do convenio.

Son causas de resolución:

a) Incumprimento das prestacións e obrigacións establecidas nas cláusulas do convenio.

b) Mutuo acordo das partes.

Sexta.- Natureza do convenio.

1.O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo. No non previsto, e co fin de resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, aplicaráselle os principios recolleitos no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público.

2.A xurisdicción contencioso-administrativa será competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº 16790 de 12 de xullo de 2016 .

Leído o presente convenio, atópano conforme e asínano por cuadruplicado e en unidade de acto, no lugar e data indicados ao comezo.

ANEXO

DÍA	CONCEPTO	PARTICIPANTES	TOTAL PRESUPUESTO
Viernes 15	Cena	130 x 9 euros	1.170,00
	Alojamiento	130 x 12,50 euros	1.625,00
Sábado 16	Desayuno	130 x 5 euros	650,00
	Comida	130 x 9 euros	1.170,00
	Alojamiento	130 x 12,50 euros	1.625,00
Domingo 17	Desayuno	130 x 5 euros	650,00
TOTAL			6.890,00

O PRESIDENTE, P.D.

O DEPUTADO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO
E EQUIPAMENTO

Asdo.: Xesús M.Soto Vivero

O PRESIDENTE da
FEDERACIÓN GALEGA
DE HALTEROFILIA

Asdo.: José Óscar Fernández Serantes

